

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 19 DE  
XANEIRO DE 2009**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e corenta e cinco minutos do día dezanove de xaneiro de dous mil nove, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Non asiste, con escusa, don Francisco Javier Varela Tejedor, do PSdeG-PSOE.

Asiste dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examinouse o único asunto incluído na orde do día da convocatoria.

**1º Proposta de aprobación, se procede, dos investimentos a incluír no Fondo Estatal de Investimento Local creado por Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro**

Vista a proposta de Alcaldía de 19 de xaneiro actual.

Visto o ditame emitido polas tres comisións informativas permanentes en sesión conxunta de data 19 do actual.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro de Facenda, Comercio e Emprego, manifesta que o goberno español asignou a Cambre cerca de 4 millóns de euros para realizar unha serie de obras. Di que froito dun diálogo cos partidos políticos, asociacións e parte do tecido social do concello, deseñaron unha proposta que cren que recolle parte das propostas da maioría dos grupos políticos. Non é un documento que ningún grupo poida ver como seu, porque ningún grupo ve plasmadas todas as súas propostas, pero si pensan que todos ven, polo menos, unha parte delas recollidas no documento.

Di que pensaron que debía haber dous eixes á hora de realizar o gasto, un eixe tería que ser as obras base, as obras de infraestruturas municipais, e outro eixe unha distribución por parroquias intentando que houbera investimentos en todas elas, e ademais, investimentos que satisfaceran as demandas históricas de moitos veciños. Con eses dous elementos fixeron un deseño no que van a destinar cerca dun millón de euros ao sistema de auga, consistente na substitución da tubaxe, que en moitos sitios é moi vella, con preto de 40 anos, e que está creando fugas e provocando que se perda diñeiro. Van a destinar á rede de sumidoiros preto de 250.000 euros e van a destinar a mellorar o sistema de iluminación outros 250.000 euros.

Continúa dicindo que os outros dous millóns de euros distribuíronos polas parroquias, coa excepción da parroquia de Cela onde están carentes de solo para operar sobre el, aínda que tentarán facer máis adiante obras na súa rede de sumidoiros. Vanse facer 32 obras, que se centran na mellora das instalacións dos colexios, con 257.000 euros para a reforma de polideportivas e a reforma do ximnasio de Cambre, tamén teñen outra parte dedicada a cubrir as polideportivas das parroquias de Bribes e Pravio, así como outras melloras cun importe preto dos 700.000 euros. Explica que cubrir as polideportivas de madeira que se poden ver nalgúns lugares, custa preto de 50 millóns de pesetas cada unha.

Tamén di que outra demanda importante que existía era a reparación e mellora de parques infantís, e van a destinar cerca de 300.000 euros á mellora dos parques infantís do termo municipal.

Despois hai outras obras menores, como reparación de fontes e lavadoiros, como a fonte que está fronte á igrexa de Lema, ou o lavadoiro que está no núcleo de Cambre. Tamén hai obras de máis calado como é acondicionar o local social de Brexo-Lema ou habilitar en San Lourenzo unha área de espaxamento e xardíns, e a creación dun pequeno local social para que os veciños dese lugar se poidan reunir.

Conclúe dicindo que ese é o groso das obras que presentan a aprobación.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que ao seu grupo lle agradou cando foi chamado para achegar ideas, e presentaron unha serie de propostas, cousas que lles parecían importantes, cousas que non se recollen, como por exemplo o fomento dalgunhas actividades que xeran emprego. Pero di que con independencia de que se teñan incluído ou non, o que quere salientar é que se lles pediron propostas e a súa sorpresa foi que na primeira xunta de voceiros o Sr. Salcines xa traía unha proposta pechada e ambigua, un traballo feito axiña, sen pensar, como por exemplo a mellora da rede potable de auga por un millón de euros, ou obras de saneamento por unha cantidade importante pero sen aclarar cales. Notábase que era un traballo precipitado e sen pensar.

Di que lle agradou moito recibir un correo electrónico do BNG, do 11 de decembro, no que dicía que o BNG presentara no Rexistro municipal o listado de propostas para incluír no Fondo especial de financiamento municipal, e no que tamén solicitaban ao alcalde a convocatoria da xunta de voceiros ou comisión informativa para tratar de acadar unha posición única municipal. Dicía que tamén pediran que se trasladara a todos os grupos municipais a proposta do BNG e que se podía ver na súa páxina web.

Di que sinceramente lles agradou porque ese é o camiño correcto, chegar a acordos, pero, como xa dixo, na primeira xunta de voceiros o que se atoparon foi cunha proposta, cun traballo precipitado, mal feito e sen preparar. Houbo unha segunda xunta de voceiros na que non se tiveron para nada en conta as propostas do PP, si é verdade que coincidiron nalgunhas pero porque as fixo tamén o BNG.

Di que, en conclusión, as propostas que se traen hoxe ao pleno son as do PSOE e as do BNG, e algunhas que o PP considera moi importantes non están. Aínda así di que eles estaban convencidos de que o seu voto tiña que ser favorable, porque se trata de facer cousas en Cambre, lles guste máis ou menos, aínda que pensen que hai outras cousas máis prioritarias. Pero atopáronse con que hoxe nin sequera saben o que se pode facer. Do listado de obras que se traen resulta que a reforma do espazo público do contorno do cruceiro de Anceis por 87.000 euros non saben se se pode facer, porque non hai a cesión do solo. As pistas polideportivas que o Sr. Salcines dicía que custan cerca de 300.000 euros, 50 millóns de pesetas, tampouco saben se se poden facer, non hai informes dos técnicos municipais, de palabra un di que si e outro di que non. Hoxe viñeron cunha proposta que non saben se se pode facer.

Di que acaban de dar unha imaxe pésima ante os concelleiros que estaban na comisión informativa porque estaban dicindo que se non se podía aprobar o de Anceis que entón se metería outra cousa, que se non se pode facer o de Sigrás, a reforma da escola Sementeira porque a asociación de veciños non cede o local, o mesmo. Hai unha serie de cousas moi importantes que realmente non se sabe se se van poder facer ou non, polo tanto o seu voto quería ser favorable, pero visto ese despropósito do equipo de goberno, lamentablemente o seu voto ten que ser a abstención.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que, independentemente da consideración que ese sistema de financiamento lles poida merecer, o que é certo é que recibir preto de 4 millóns de euros, aínda que sexa cuns condicionantes moi determinados e que limitan moito a capacidade de actuación, non é unha cousa para desbotala. Todos e todas son conscientes de que en Cambre hai bastante máis que 4 millóns de euros para investir e cubrir moitísimas necesidades que están sendo reclamadas pola xente dende fai moitísimo tempo.

Di que o decreto saíu o día 2 de decembro e, unha vez feita esa primeira reflexión, o BNG púxose a traballar, en plan positivo para facer as súas propostas, que como ben dixo o concelleiro do PP, o día 11 de decembro presentaron polo Rexistro municipal e tamén llelas pasaron a todos os grupos porque entendían que aínda que para eles eran propostas boas, que levaban debatendo durante moitísimo tempo, tamén entendían que todos os grupos teñen a súa opinión, e loxicamente nunha proposta deste tipo era moito mellor chegar a acordos e puntos de unión para aprobar todo por unanimidade.

Di que o que pasou foi que entre o día 11 ou 12 de decembro e a primeira reunión que solicitaron da xunta de voceiros ou da comisión informativa, para poder poñer en común esas cousas, pasaron moitos días. Cre lembrar que foi o día 30 de decembro cando, na xunta de voceiros, xa lle dixeron ao Sr. Salcines que as propostas que el lles relatou alí non ían contar co seu apoio, porque daba a impresión de que non tivera en conta nin as cuestións que eles presentaran, nin as que presentara ninguén, e que co pouco tempo que quedaba o que lles propoñía era soterrar moito máis da metade dos fondos de investimento en saneamentos e abastecementos, que son moi necesarios, pero que eles consideraban que non cumprían con algunhas das esixencias que marcaba o decreto, por exemplo a xeración de emprego directo, que era un dos obxectivos desa norma, afrontar renovacións enerxéticas e camiñar cara ao uso de enerxías alternativas, recuperacións patrimoniais, etc.

Di que parece que despois diso houbo unha reconsideración e se modificaron unha serie de cuestións, pero o problema era que estaban a día 30, e a partir dese día foi cando comezaron

a aparecer problemas con algunhas das propostas. Algún deses problemas aínda viron na comisión informativa previa ao pleno que non están claros, ben por condicionantes urbanísticos, ben por problemas de cesión, ou por outro tipo de problemas.

Aínda así, e quedando iso como unha crítica que lle fan á xestión do goberno, porque pensan que se podería ter levado doutra maneira, a pesar do pouco tempo entre o día 2 de decembro e o día de hoxe, aínda así, o voto do seu grupo di que vai ser favorable. Queren manifestar que eles están moderadamente satisfeitos porque se recollen unha serie de propostas que eles pensan son coincidentes na maioría da corporación e na maioría dos veciños e veciñas do concello. Trátase de cuestións que para eles son importantes, e que viñan xa dunha liña de traballo anterior, proxectos que xa estaban redactados e feitos e que era unha oportunidade de sacalos adiante, como era a segunda fase da Escola municipal de Música, ou a mellora, arranxo e modernización do ximnasio do colexio Wenceslao Fernández Flórez, etc., xunto con outras reivindicacións como, por exemplo, facer a beirarrúa entre o instituto David Buján e O Souto, un proxecto non moi grande pero que a eles lles parece moi importante para completar a rede de seguridade daquela zona. Non é dos investimentos máis importantes, pero para eles é dos máis significativos.

Xunto con iso hai outra serie de propostas nas que el pensa que todos están de acordo, como era propoñer un lugar para que a xente maior da Barcala poida ter un punto de reunión e para facer actividades, ou tamén preparar un local alí para que os grupos de xente moza poidan ensaiar. Di que todo iso está incluído.

Continúa dicindo que un investimento destas características, a pesar de que o teñan que matizar con algunha crítica na maneira de xestionalo, na demora e dilatación que se lle deu, e que teñan que lamentar tamén que algunha das propostas que lles parecían francamente importantes para o conxunto do concello e para algunha parroquia en concreto, non se puideran realizar, porque é unha oportunidade que vai ser difícil que se volva a dar nun contexto de crise para as arcas municipais, refírese, por exemplo, a poder continuar coa segunda fase da Escola de Música e ao mesmo tempo ter un bo local social para a parroquia de Sigrás. Pensan que se puido xestionar doutra maneira, seguramente faltou algo de axilidade e de boas explicacións para a xente que tiña que tomar as decisións, e tamén é curioso que algún representante dun partido político desta corporación, tamén actuara en contra dunha cuestión que pensaban que era de interese xeral.

Conclúe dicindo que, en todo caso, parécelles un bo proxecto, e que esperan que de aquí ao día 24 non xurdan máis complicacións que poidan facer que se perda algún dos cartos que van aí incluídos. Eles van votar a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo valora dunha maneira positiva esa serie de investimentos que está previsto que se executen en Cambre durante o ano. Están convencidos que non van a paliar a crise actual, pero dalgunha maneira poden contribuír a dinamizar a economía municipal e o emprego do concello, así como mellorar as infraestruturas e os equipamentos.

Cren que dende un principio existiu, baixo o seu criterio, un punto de vista coincidente entre os distintos grupos da corporación en canto ás propostas que se presentaban. O que si lles chamou a atención é que, tendo en conta a coincidencia nos investimentos nas parroquias, que ao final non houbera unha xuntanza cos distintos grupos para priorizar esa serie de investimentos e así executalos. Iso botárono de menos, e nese sentido fanlle unha crítica ao responsable do goberno.

Di que dos 14 proxectos presentados polo seu grupo, o equipo de goberno estimou recoller uns cantos. Todos eles na súa totalidade xa se tiñan presentado en distintas sesións plenarias. Así ven que se recollen as reparacións das instalacións dos colexios, sobre todo o Wenceslao Fernández Flórez, a cuberta da polideportiva de Pravio, o acondicionamento da praza pública de Anceis, a reparación de fontes públicas e lavadoiros, realizar melloras na rede de saneamento, así como a adecuación da parcela e do parque infantil na parroquia de San Lourezo, que xa o teñen solicitado nalgún dos plenos. Tamén, e como xa coincidiron con outros grupos, a adecuación dos parques infantís á normativa vixente.

Di que unha cousa que lles chama a atención, e así llelo manifestaron ao responsable, é que para eles a reparación de fontes e lavadoiros non é unha cuestión de pasar por enriba. Eles pensan que se debe facer un proxecto moito máis ambicioso, que se deben reparar agora, preferentemente, as fontes e lavadoiros que teñen unha necesidade urxente, e que se teñen que reparar mediante a creación dun taller de emprego. Por iso, no próximo pleno van a presentar unha moción para que así se faga. Ese proxecto buscará que se cumpran tres obxectivos fundamentais: o primeiro a formación das persoas, que poderán levar para a casa un salario do 75% do salario mínimo interprofesional traballando nese taller de emprego, en segundo lugar a reparación das fontes e lavadoiros e, en terceiro lugar, a creación de emprego. Pensan que ese proxecto é moito máis ambicioso que a simple reparación deses elementos, e que con el poden dinamizar a vida cultural do concello, se poden facer rutas de senderismo, e poñer en valor todo o patrimonio etnográfico co que conta o concello.

Por outra parte, lamentan algunhas cuestións que eles consideran importantes e que xa saíron noutros plenos. Insisten en que era unha necesidade para os veciños de Cambre a creación dunha piscina descuberta nas instalacións deportivas situadas no contorno do cemiterio, preto do complexo Dani Mallo, tendo en conta o crecemento impresionante que nos últimos tempos está tendo a poboación de Cambre, sobre todo de xente nova.

Tampouco se vai a acondicionar a praza que está nas inmediacións da igrexa de Sta. M<sup>a</sup> do Temple, e que hoxe mesmo se enteraron na comisión informativa de que parece ser que é privada. Neste punto volven dicir que botan de menos o inventario de bens municipais onde se determine cales son os bens do concello e cales son os bens privados.

Tampouco se vai a realizar o acondicionamento do local socio-cultural de Meixigo. Unha estrutura que leva alí moitísimos anos, e tamén hoxe se deron conta de que esa estrutura, que está nun terreo público, está a nome dunha persoa privada que pensa que xa morreu. Esta serie de cuestións terían que estar miradas xa dende fai días.

E o que lles parece peor, que haxa unha parroquia deste concello que sempre resulta discriminada, a parroquia de Cela, na que non se fai ningún investimento. Na comisión informativa xa solicitou que se ao final non se pode levar a cabo o acondicionamento da praza pública de Anceis, que se invista en Cela nunha cuestión que é urxente, o saneamento e a rede de sumidoiros na zona do Souto. Unha vez máis a parroquia de Cela queda sen un céntimo, dicindo como desculpa que non hai terreos para facer infraestruturas. El pensa que hai sitio en abundancia onde investir cartos na parroquia de Cela.

Por outra parte, eles consideran que estas iniciativas deben enmarcarse dentro de posibles actuacións, e que a ser posible sexan empresas do concello, e que creen emprego dentro do concello, que o diñeiro quede en Cambre. Piden que esta inxección de diñeiro non se converta nunha nova operación de clientelismo político, nin de electoralismo. Hai que actuar á marxe de cuestións políticas e partidistas.

Conclúe dicindo que eles non van votar en contra, pero que se van a abster nesta proposta porque consideran que non satisface plenamente as pretensións do seu grupo, pero que, en todo caso, esa abstención non se debe considerar como un rexeitamento, porque xa dixeran ao principio que eles ven dun xeito moi positivo esa serie de investimentos.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que a el tamén lle gustaría votar a prol do proxecto que hoxe se aproba de obras e investimentos para Cambre, pero dadas as circunstancias da elaboración dese documento, a forma en que

se levou a cabo, a precipitación con que se lles presenta, as modificacións que foi sufrindo ao longo dos últimos quince días, porque do documento que se lles presentou a finais de decembro ao que hoxe traen aquí, hai unha cantidade de variacións importantes.

Expón que o documento que se presentou en decembro levaba incluídas propostas doutros grupos políticos, e que el tamén levaba preparadas propostas para a reunión do día 30 pensando que era ese o momento para facelas, pero que se atopou con que o concelleiro que representaba ao goberno municipal dixo que tiña invitado a participar e a facer propostas a todos os voceiros dos grupos da oposición, agás a el. Todos os grupos tiñan feito propostas, que o concelleiro socialista traía nun cuadrante, excepto el, porque ninguén o invitou, segundo o concelleiro do grupo de goberno porque seguramente se lle olvidara. Así que as súas propostas quedaron no peto onde as levou.

De todas formas levou o documento que lle presentaron, que contiña 69 propostas, nas que na maioría coincidían todos os grupos e incluso as asociacións de veciños. A súa sorpresa foi cando a semana pasada, o mércores ou o xoves, chamouno o voceiro do grupo socialista para darlle o documento que se ía traer ao pleno e viu que había unha diferenza importante respecto do cuadrante que lles tiña presentado a finais do mes pasado, e onde das 69 propostas, nas que máis ou menos todos estaban de acordo, só quedaban 14, e había 19 novas non se sabe como. Parécelle que iso é traballar dunha forma bastante irregular, por non dicir outra cousa.

Por todo iso conclúe dicindo que non lle queda outro remedio que absterse.

O Sr. alcalde di que antes de pasar á votación parécelle oportuno que o concelleiro de Facenda dea lectura ás obras que se van a facer para que a xente as coñeza.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, solicita que ademais de dar lectura ás obras o Sr. Salcines aclare a situación en que se atopa cada obra.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, explica que a primeira das obras é a “Reforma do espazo público do contorno do cruceiro de Anceis”. Di que esta zona pertence ao conde de Torrepnela, que é o dono do pazo, e precisan da súa cesión. O conde xa manifestou nun documento notarial que ten a vontade de facelo. Non obstante, para que a cesión sexa efectiva é necesario que o conde segregue o terreo, xa que a día de hoxe o pazo e o contorno aparecen unificados. Como iso aínda non se fixo, foi polo que barallaron a posibilidade de que, se non acada, se convoque outro pleno a finais de semana para



substituír esa obra pola proposta polo voceiro de EU-IU, consistente nun saneamento no Souto.

As seguintes obras son é a “Mellora da pista polideportiva de Andeiro”, a “Construción dunha instalación auxiliar na pista polideportiva de Andeiro”, o “Acondicionamento da Fonte da Igrexa de San Paio de Brexo-Lema”.

Respecto da obra “Mellora de local social na parroquia Brexo-Lema” explica que a asociación de veciños que é a dona do local, tivo unha reunión o domingo onde aceptaron a cesión ao concello, aínda que a documentación presentada foi revisada polos técnicos municipais e ten que ser modificada para que cumpra os requisitos xurídicos. En todo caso, non pensan que haxa problemas porque hai vontade por parte da asociación de facelo.

Despois está o “Acondicionamento do Parque infantil da Igrexa de San Paio de Brexo-Lema”, trátase dunha actuación que afecta a todo o conxunto que hai ao saír da igrexa. Hoxe en día a fonte que hai é un simple tubo, polo que di que se vai a forrar de cantería a parede, acondicionando toda zona, incluído o parque que hai ao fondo.

Di que na parroquia de Bribes teñen a “Cubrición pista polideportiva”. Neste caso, como en Pravio, o solo é de carácter rústico polo que dende o concello só se pode facer o equipamento mínimo imprescindible en temas de deporte ou similares. A xuízo do arquitecto municipal a cubrición da pista polideportiva non é un mínimo imprescindible para realizar actividades deportivas en Galicia, mentres que para o xefe da área de Urbanismo a obra si que se podería realizar. Son dúas opinións, e politicamente o grupo de goberno si pensa que é imprescindible cubrir as pistas polideportivas para que os nenos de Cambre poidan xogar en inverno, xa que se trata de facer un simple tellado, non de facer paredes. Politicamente a opinión é clara, agora o que teñen que ver é que esa visión política estea avalada por un informe técnico, como hai dous informes verán que facer, e se hai problemas traerano a un pleno a finais de semana.

Na parroquia de Cambre está a “Instalación solar fotovoltaica en cuberta de escola infantil sita no lugar da Barcala”, trátase dunha instalación de enerxía solar, que vai xerar enerxía que o concello poderá vender ás compañías eléctricas, permitindo diminuír o custo enerxético e a contaminación, xa que se trata dun tipo de enerxía limpa.

Despois está a “Reforma do ximnasio do CEIP Wenceslao Fernández Flórez en Cambre”, onde se van a gastar 110.223,14 €

Tamén a “Reforma dos locais municipais da Barcala”. Trátase dun local moi grande, que ronda os 1.000 m<sup>2</sup>. Unha parte se destinará a locais de ensaio insonorizados para os grupos de música. O resto distribúese en dúas grandes áreas, unha é un parque infantil cuberto para que no inverno as nais poidan levar aos seus fillos, trátase dalgo que pensan que non hai en ningún municipio da provincia, si hai de pago pero non públicos. Tamén un parque biosaudable, ao carón do parque infantil, e ao outro lado unha sala multiusos para conferencias, así como para baile da terceira idade, xa que como enriba dese local hai garaxes non se vai molestar aos veciños.

Outra obra é a “Mellora da eficiencia enerxética por reforma da iluminación pública en Pumar Méndez”, a “Substitución da rede de saneamento e abastecemento no núcleo de Amil”, a “Reparación e renovación da Rede abastecemento: desde Volta das Carrozas ata A Barcala, en fronte a Brañas”, a “Substitución da rede de saneamento desde Drozo a Balado, de "Bar Centro" a Balado e de Balado a Volta das Carrozas”, a “Mellora do lavadoiro de Carballo de Cambre e do seu contorno”

En Cecebre teñen a “Ampliación do Centro municipal de formación do polígono industrial do Espírito Santo”, onde se vai a crear un taller de enerxías renovables. Pensan que contan con un gran centro de formación, lider en moitas áreas, pero cren que hai unha área onde a xente que está en paro vai a poder encontrar un oficio, é na área das enerxías renovables. Por iso van a crear un taller, que tamén será dos poucos que haxa en toda a provincia, vinculado a esa área.

Tamén está o “Acondicionamento do monumento conmemorativo a Wenceslao Fernández Flórez en Cecebre”, a “Mellora dos espazos públicos fronte á Fundación Wenceslao Fernández Flórez en Cecebre”, a “Reparación e renovación das redes de abastecemento desde: ponte de ferrocarril en Cecebre ata Casa Alfredo (camiño municipal), ponte de ferrocarril en Apeadeiro ata últimas casas de Piñeiro-Cecebre (camiño municipal), Sobreguexe (casas de Alfredo) ata Igrexa (camiño municipal), cruzamento de Fraís por estrada de Espírito Santo ata Lendoiro”, e a “Reparación e renovación das redes de abastecemento desde: Catro Camiños despois da ponte da autoestrada ata Castros do Bosque e desde aquí ata pasar pola ponte do ferrocarril no apeadeiro de Cecebre (AC-221)”.

Na parroquia de San Lourenzo de Meixigo hai catro obras, que son a “Habilitación de espazos públicos en San Lourenzo”, trátase dun terreo que hoxe está feito un pequeno desastre, e que se vai a acondicionar con asfalto, cunha zona axardinada, unha zona para

nenos, un pequeno arboredo, e ao lado un centro social de 80 m<sup>2</sup>, para que as persoas de San Lourenzo poidan facer actividades sen desprazarse da súa parroquia.

A continuación está a “Reforma da iluminación pública en Meixigo”, a “Reforma da iluminación pública en Coruxos”, e o “Acondicionamento da pista polideportiva de Meixigo”. Esta última obra fai referencia non só á pista propiamente dita, senón tamén ao acondicionamento de toda a zona que a rodea para mellorar os accesos, trátase dunha obra moi demandada polos veciños.

Na parroquia está a “Cubrición de pista polideportiva en Pravio”, á que fixo referencia anteriormente, así como a “Reparación e renovación das redes de abastecemento desde o depósito da Castellana ata o Cruceiro de Pravio (AC-214)”, e a “Creación de zonas de xogos infantís en Pravio”. A idea é cubrir a pista que hai na zona do campo da festa, e fronte a ela poñer un parque infantil dedicado a varias idades, polo que lle reservaron 56.000 euros.

En Sta. M<sup>a</sup> de Vigo está o “Acondicionamento de local social” demandado pola asociación de veciños.

Na parroquia de Sigrás está a “Substitución do material de cuberta pavillón polideportivo dos Campóns”, a “Substitución do material de cuberta e mellora da pista polideportiva do CEIP Gonzalo Torrente Ballester”, a “Reparación e renovación das redes de abastecemento desde: Mesón Vasco ata Pazo de Barrié e en Gaiteiro na estrada de Culleredo ata despois do río” e a “Mellora da seguridade viaria na estrada municipal Os Campóns”.

Ademais, sinala que antes se olvidou de mencionar na parroquia de Anceis a “Reforma do centro socio-cultural”, e na parroquia de Cambre a “Reforma do centro polivalente de Arrigada”.

Conclúe dicindo que na parroquia do Temple xa existe en marcha outro plan especial financiado pola Unión Europea, que é o plan Arume, dun importe de 1.200.000 euros, polo que unha gran parte das obras que se queren realizar nesa parroquia, e que se consideran importantes, xa están incluídas nese fondo especial. Non obstante, no fondo estatal incluíronse dúas obras, a “Reforma integral do Parque infantil do Temple” e a “Reforma integral do Parque infantil do Graxal”.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez pregunta pola obra de acondicionamento da piscina do Temple que figura no documento que se lles entregou.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que nas comisionas informativas chegaron ao acordo de que a piscina sexa incluída no proxecto financiado pola Unión Europea.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que respecto da obra “Habilitación de espazos públicos en San Lourenzo”, na parroquia de Meixigo, o Sr. Salcines dixo que se ía facer unha pista asfaltada, unha especie de bosque, un parque infantil e un local social duns 80 m<sup>2</sup>, preguntase como van facer iso con 87.000 euros. Parécelle que o Sr. Salcines fai moi baratas as cousas.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, e abstéñense os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

**Primeiro:** Aprobar a realización dos investimentos que a continuación se relacionan, correspondentes ás obras e polos importes de licitación que igualmente se indican, e segundo as memorias explicativas contendo os datos esixidos no punto terceiro da Resolución de 9 de decembro de 2008, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, que se achegan como Anexo ao presente acordo:

### PARROQUIA DE ANCEIS

Descrición	Importe sen IVE	Importe total	Persoas a ocupar
Reforma do espazo público do contorno do cruceiro de Anceis	75.372,91 €	87.432,91 €	9
Reforma do centro socio-cultural de Anceis	25.862,07 €	30.000,00 €	

### PARROQUIA DE ANDEIRO

Descrición	Importe sen IVE	Importe total	Persoas a ocupar
Mellora da pista polideportiva de Andeiro	12.831,29 €	14.884,30 €	4

Construción dunha instalación auxiliar na pista polideportiva de Andeiro	14.784,08 €	17.149,53 €	6
--	-------------	-------------	---

### PARROQUIA DE BREXO LEMA

Descrición	Importe sen IVE	Importe total	Persoas a ocupar
Acondicionamento da Fonte da Igrexa de San Paio de Brexo-Lema	33.643,68 €	39.026,67 €	8
Mellora de local social na parroquia Brexo-Lema	75.876,98 €	88.017,30 €	7
Acondicionamento do Parque infantil da Igrexa de San Paio de Brexo-Lema	19.138,27 €	22.200,39 €	5

### PARROQUIA DE BRIBES

Descrición	Importe sen IVE	Importe total	Persoas a ocupar
Cubrición pista polideportiva en Bribes	234.270,47€	271.753,75€	4

### PARROQUIA DE CAMBRE

Descrición	Importe sen IVE	Importe total	Persoas a ocupar
Instalación solar fotovoltaica en cuberta de escola infantil sita no lugar da Barcala	174.192,29€	202.063,06€	4
Reforma do ximnasio do CEIP Wenceslao Fernández Flórez en Cambre	95.019,95 €	110.223,14€	6
Reforma dos locais municipais da Barcala	287.205,44€	333.158,31€	10
Mellora da eficiencia enerxética por reforma da iluminación pública en Pumar Méndez	86.611,56 €	100.469,40€	5
Substitución da rede de saneamento e abastecemento no núcleo de Amil	102.622,65€	119.042,27€	6

Reparación e renovación da Rede abastecemento: desde Volta das Carrozas ata A Barcala, en fronte a Brañas	148.844,31€	172.659,40€	6
Substitución da rede de saneamento desde Drozo a Balado, de "Bar Centro" a Balado e de Balado a Volta das Carrozas	111.238,15€	129.036,25€	6
Mellora do lavadoiro de Carballo de Cambre e do seu contorno	27.997,85 €	32.477,51 €	8
Reforma do centro polivalente de Arrigada	86.982,73 €	100.899,97€	

#### PARROQUIA DE CECEBRE

Descrición	Importe sen IVE	Importe total	Persoas a ocupar
Ampliación do Centro municipal de formación do polígono industrial do Espírito Santo	172.365,73€	199.944,25€	6
Acondicionamento do monumento conmemorativo a Wenceslao Fernández Flórez en Cecebre	8.737,15 €	10.135,09 €	8
Mellora dos espazos públicos fronte á Fundación Wenceslao Fernández Flórez en Cecebre	26.986,98 €	31.304,90 €	8
Reparación e renovación das redes de abastecemento desde: ponte de ferrocarril en Cecebre ata Casa Alfredo (camiño municipal), ponte de ferrocarril en Apeadeiro ata últimas casas de Piñeiro-Cecebre (camiño municipal), Sobreguexe (casas de Alfredo) ata Igrexa (camiño municipal), cruzamento de Frais por estrada de Espírito Santo ata Lendoiro	158.510,75€	183.872,47€	6
Reparación e renovación das redes de abastecemento desde: Catro Camiños despois da ponte da autoestrada ata Castros do Bosque e desde aquí ata pasar pola ponte do ferrocarril no apeadeiro de Cecebre (AC-221)	114.757,28€	133.118,44€	6

**PARROQUIA DE SAN LORENZO DE MEIXIGO**

<b>Descrición</b>	<b>Importe sen IVE</b>	<b>Importe total</b>	<b>Persoas a ocupar</b>
Habilitación de espazos públicos en San Lourenzo	75.122,36 €	87.141,94 €	10
Reforma da iluminación pública en Meixigo	57.695,88 €	66.927,22 €	2
Reforma da iluminación pública en Coruxos	60.809,06 €	70.538,51 €	2
Acondicionamento da pista polideportiva de Meixigo	71.826,91 €	83.319,22 €	8

**PARROQUIA DE PRAVIO**

<b>Descrición</b>	<b>Importe sen IVE</b>	<b>Importe total</b>	<b>Persoas a ocupar</b>
Cubrición de pista polideportiva en Pravio	228.666,85€	265.253,55€	4
Reparación e renovación das redes de abastecemento desde o depósito da Castellana ata o Cruceiro de Pravio (AC-214)	156.246,01€	181.245,37€	6
Creación de zonas de xogos infantís en Pravio	48.806,54 €	56.615,59 €	6

**PARROQUIA DE STA. Mª VIGO**

<b>Descrición</b>	<b>Importe sen IVE</b>	<b>Importe total</b>	<b>Persoas a ocupar</b>
Acondicionamento de local social na parroquia de Santa Mª de Vigo	17.921,13 €	20.788,51 €	6

**PARROQUIA DE SIGRÁS**

<b>Descrición</b>	<b>Importe sen IVE</b>	<b>Importe total</b>	<b>Persoas a ocupar</b>
Substitución do material de cuberta pavillón polideportivo dos Campóns	121.199,47€	140.591,39€	8

Substitución do material de cuberta e mellora da pista polideportiva do CEIP "Gonzalo Torrente Ballester" de Sigrás	127.316,84€	147.687,53€	6
Reparación e renovación das redes de abastecemento desde: Mesón Vasco ata Pazo de Barrié e en Gaiteiro na estrada de Culleredo ata despois do río	143.285,96€	166.211,71€	6
Mellora da seguridade viaria na estrada municipal Os Campóns	42.862,90 €	49.720,96 €	10

#### **PARROQUIA DO TEMPLE**

<b>Descrición</b>	<b>Importe sen IVE</b>	<b>Importe total</b>	<b>Persoas a ocupar</b>
Reforma intergral do Parque infantil do Temple	94.236,25 €	109.314,05€	7
Reforma integral do Parque infantil do Graxal	95.045,30 €	110.252,55€	10

	<b>Importe total</b>
<b>TOTAL INVESTIMENTO</b>	<b>3.983.577,44 €</b>

**Segundo:** Presentar a solicitude de inclusión dentro do Fondo Estatal de Investimento Local creado por Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro, segundo se establece nos puntos segundo e terceiro da resolución de referencia.

**Terceiro:** No suposto de que sexa necesario substituír algunha das obras propostas por non dispoñer dos informes necesarios, convocarase un pleno extraordinario para o efecto.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e vinte e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia